



Elabora unha composición sobre a evolución das forzas políticas excluídas da quenda dinástica durante a Restauración, salientando as características ideolóxicas e sociolóxicas dos movementos nacionalistas que se desenvolveron en España na época da Restauración, toma como referente o caso galego ao que aluden os documentos que propomos para que fundamentes neles a túa argumentación.

Docto. 1: Enric Prat de la Riba: Las Bases de Manresa, 27-III-1892.

"Base 3ª. La lengua catalana será la única que, con carácter oficial, podrá usarse en Cataluña y en las relaciones de esta región con el poder central.

Base 4ª. Sólo los catalanes, ya lo sean por nacimiento o en virtud de naturalización, podrán desempeñar en Cataluña cargos públicos, incluso tratándose de los gubernativos y administrativos que dependan del poder central. También deben ser ejercidos por catalanes los cargos militares que comporten jurisdicción.

Base 6ª. Cataluña será la única soberana de su gobierno interior. Por tanto, dictará libremente sus leyes orgánicas; cuidará de su legislación civil, penal, mercantil, administrativa y procesal; del establecimiento y percepción de impuestos; de la acuñación de la moneda, y tendrá todas las demás atribuciones inherentes a la soberanía que no correspondan al poder central.

Base 7ª. El poder legislativo Regional radicará en las Cortes Catalanas...

Base 12ª. Cataluña contribuirá a la formación del ejército permanente de mar y tierra por medio de voluntarios o bien mediante una compensación en metálico previamente convenida como antes de 1845.

Base 13ª. El mantenimiento del orden público y seguridad interior de Cataluña estarán confiadas al Somatén y a los mossos de l'esquadra.

Base 15ª.- La enseñanza pública... deberá organizarse de una forma adecuada a las necesidades y carácter de la civilización de Cataluña.

Docto. 2: Extraído do mitin de A. Vilar Ponte en Ferrol, 11-II-1917, A Nosa Terra, nº 10, p. 2).

"Fixádevos no que é hoxe Galicia. Unhas cantas cibdades e vilas, cheas de señoritos desertores do traballo... Que reciben beneficios do Estado, según teñan ou non caciques influentes en riba... E logo, unha Galicia rural, unha Galicia traballadora, que é toda Galicia pra o caso... Hai que facer da Galicia de señoritos andróxinos unha Galicia de señores labregos... A Galicia europea será rural porque as canteiras da nosa riqueza propia están no campo e están na mariña".

Docto. 3: Antón Vilar Ponte, *Discursos á nación galega*.

"Unha patria é moito máis aínda, é outra cousa: sincronismo do espírito e do corazón; uniformidade para o esforzo e disposición semellante para o sacrificio; comunidade nas arelas de grandeza, nas vergoñas da humillación e no desexo de gloria... A patria é a solidaridade sentimental da raza... Vive pois fora da realidade, nega tódalas leis do sentimento e tódolos fenómenos do meio, da raza, do ambiente... Pasando de home natureza a home títere- como diría Goethe- quen afirme ser español antes que galego, catalán, vasco, andaluz."

Docto. 4: Manifiesto da Asamblea nazonalista de Lugo (18-XI-1918).

Os persoeiros das Irmandades da Fala reunidos en assemblea magna tida na cibdá de Lugo nos días 17 e 18 do mes da data pra conquerire do Goberno da Sua Maxestade El Rey autonomía integral da Nación Galega e fixar n-un programa concreto as que coidan testas solucións ós problemas que intresan d-un xeito fondonísimo á vida nazonal da Galicia, aprobaron e sosteñen, c-o corazón ateigado de esperanza e os ollos postos no porvir da nay Terra, as seguintes conclusións, que fan públicas pra conocimiento e meditazón do pobo Galego, nestora solemne do albeo das nazonalidades que sinten tremelar a sua y-alma e fan xurdir a súa personalidade.



Tendo a Galicia total-as características esenciaes de nazonalidade, nós, nomeámonos, d-oxe pra sempre, nazonalistas galegos, xa que a verba rexonalismo non recolle total-as aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas.

... Son chegadol-os tempos d'erguere a y-alma e o pensamento de Galicia, e sobor todo a súa soberanía, compreta e sin cativeces. N-isto non caben discusións: Galicia ten dereito, un dereito fundamental, a ser dona ausoluta de si mesma. Con vountade ceibe faremos nupcias d'amore con outras soberanías, contr'as que non vai nin quéir ire a soberanía nosa.

Pensade pois, nas nosas concrusións, feitas pra todol-os galegos. Pró, ademais, sentídeas, practicádeas. Nosos brazos están abertos pr'a fecunda aberta. Todos xuntos melloraremos a grande obra. O ideal que nos aloumiña vos pide que sintades a Galicia, coma nós no recuncho mais intenso das vosas almas. Ninguén é inútil pra ista cruzada. A nosa mocidade tén unha santa obriga co-a patria, e agardamos, ateigados do lume inmenso do noso amore, que todo galego dino nos mande súa adhesión á Santa Causa da Redenzón da Nai Terra.

Asinantes: [Antón Losada Diéguez](#), [Vicente Risco](#), [Arturo Noguerol](#), [Xaime Quintanilla](#), [Manuel Banet Fontenla](#), [Ramón Cabanillas](#), [Alfonso Daniel Rodríguez Castelao](#), [Gonzalo López Abente](#), [Victoriano Taibo](#), [V. Paratcha](#), [Antón Villar Ponte](#), [J. Ferreira](#), [Lois Peña Novo](#), [L. P. Carballa](#), [X. Culebras](#), [E. Bidegaín](#), [Francisco Vázquez Enríquez](#), [G. Cedrón](#), [F. M. Balboa](#), [Johán Vicente Viqueira](#), [Roberto Blanco Torres](#), [Rodríguez de Vicente](#), [Ivo Fernández](#), [Evaristo Correa Calderón](#), [Ramón Villar Ponte](#), [L. Ares](#), [A. Ramos](#), [S. Mosteiro](#), [X. Ares](#), [X. Peña](#), [L. Briones](#), [Díaz Varela](#), [P. Peña Novo](#), [Sánchez Taíz](#), [X. Faraldo](#), [V. Veiga](#), [C. Monasterio](#), [X. Sarmento](#), [L. de Labra](#), [Xosé Ramón Fernández-Oxea](#), [C. García Colmelo](#), [R. Gutiérrez](#), [X. García Colmelo](#), [F. Abelaira](#), [Ánxel Casal](#), [T. Rodríguez](#), [F. Zamora](#), [V. Maceiras](#), [A. Martínez](#), [I. Rodríguez](#), [X. Robles](#), [R. Carballal](#), [R. Areses](#), [Eugenio Charlón](#), [Manuel Sánchez Hermida](#), [T. Amador](#), [M. Vázquez](#), [B. Varela](#), [I. A. Garaloces](#), [X. Basteiro](#), [Eduardo Lence-Santar Guitián](#), [V. Casas](#) e [X. Monteiro Mejuto](#).]

Docto. 5: Risco, V., "A Terra" (*La Zarpa*, 22-X-1921).

"Na súa rusticidade ten Galicia a súa forza indomeñable de resistencia e rebeldía... Das que é incapaz o home dexenerado na domesticidade das vilas conxestivas e artificiais... Os que temos acadado a suprema videncia da nosa consubstancialidade ca Terra-Patria, como non tódo-los galegos teñen esa forza mental, temos que decir con soberbia: Galicia somos Nós".

Docto. 6: entrevista a Avelino Pousa Antelo realizada por Daniel Salgado ("O galeguismo é perfectamente compatíbel con non romper nada", *El País*, 30-11-2007: http://elpais.com/diario/2007/11/30/galicia/1196421505_850215.html).

"[...] Asistín a un mitin de Promoción Galega que convocaron o 10 de maio de 1931 en Santiago, no Teatro Principal, onde falon Antón Vilar Ponte, Álvaro de las Casas, Carvalho Calero, Valentín Paz Andrade e, no peche, Castelao. A maneira de falar tan antolóxica, tan humanística, tan sinxela de Castelao foi a conexión. Ao rematar, abraceime ao meu amigo Ogando Vázquez e díxenlle: "Atopei o camiño da miña vida" [...] O Estatuto do 36 era o que os galeguistas querían e votaran nas Cortes Constituíntes, onde había tres deputados galeguistas, Ramón Suárez Picallo, Otero Pedrayo e Castelao, que fixeron un labor prodixioso na defensa dos intereses de Galicia. Abraiaban no Congreso, porque Suárez Picallo era un orador extraordinario [...] Na campaña por ese Estatuto iamos de *tourné* nunha camioneta, a primeira que tivo o Concello de Santiago para a recollida de lixo, un grupo no que todos eran das Juventudes Sicialistas Unificadas, entre eles Díaz Pardo, agás eu, das Mocidades Galeguistas. Falabamos por turnos e a min tocoume en Muros. Alí berráronme "Viva España!" e lembrei que Suárez Picallo, na mesma situación en Santiago, respondera: "Se ese viva España é a España da democracia, do progreso, da República, da liberdade, son o primeiro en berrar viva España! Pero se esa é a España da negrura, da Inquisición, dos fascistas, eu digo morra España!". Dixen o mesmo e case me sacan a ombros [...] Na véspera do plebiscito, en xuño do 36, fomos facer pintadas coas consignas da Frente Popular a prol do Estatuto. Ía no mesmo grupo da *tourné* e, no Camiño Novo en Santiago, comezamos a pintar. De súpeto vin que os compañeiros estaban escribindo "Viva Rusia!". "Compañeiros", díxenlles, "iso non está no programa, e non o digo eu, que o dixeron os vosos xefes". Pararon, pero, ao pouco, volveron poñer: "Viva Rusia!". Entón cabreeime: "Isto é traizoar Galicia, vós sabedes que en Santiago as beatas que van á misa pesan moito e cando vexan iso xa nin van a misa, menos a votar". Recibín unha agresión de brochadas e mesmo algunha labazada. Tiven que escapar. Só me pasou o anoxo porque os do meu partido me dixeron: "Hai que ter paciencia, faino por Galicia"



[...] Cando comeza o terror e moitos aos que nos gustaría pasarnos á República non o fixemos, porque podían pasearnos a familia enteira [...] Castelao pertence a todos os galegos, pero a uns máis que a outros. Pertence aos que cremos nel, aos que pensamos que é a nosa figura simbólica. As dúas figuras máis importantes de Galicia, aparte dunha ducia de homes ilustres, son Rosalía -de quen nin podemos dicir que fose galeguista, mais a súa obra foi unha aldrabada para a conciencia de Galicia- e Castelao. Os galegos que queiran ser fieis á súa historia son máis donos de Castelao e de Rosalía, máis consecuentes. Rosalía e Castelao son figuras modélicas ás que hai que rendirlles case culto [...] A Galicia deséxolle o mellor do mellor, que outra cousa se pode desexar para unha nai?. Progreso, riqueza, cultura, esa calidade dos galegos que é o diálogo [...] Os catro puntos fundacionais do Partido Galeguista aínda serven: unidade cultural, comunidade autónoma, comunidade cooperativa e célula de universalidade. Este galeguismo é perfectamente compatíbel con non romper nada.

(Nota: Don Avelino Pousa Antelo finou o 20-VII-2012 aos 98 anos de idade: http://ccaa.elpais.com/ccaa/2012/08/20/galicia/1345453855_563195.html).